

## **A CGENDL seguirá a pular pola normalización do noso idioma nos centros de ensino a pesar de todos os atrancos**

*Por vez primeira na democracia, no curso 2009-2010 limitouse a presenza da lingua galega no ensino ao se impoñer un decreto rexeitado pola inmensa maioría da comunidade educativa.*

*A SXPL non cumpre as funcións que lle son propias e nas súas actuacións non se guía por criterios sociolingüísticos e técnicos.*

*A CGENDL reitera o seu compromiso público para traballar pola normalización da lingua galega no sistema educativo e na sociedade.*

O curso que estamos a rematar converteuse nun dos máis negativos para o noso idioma desde os comezos da democracia, etapa na que se foi incorporando o galego dunha forma progresiva no sistema educativo.

Por primeira vez, pónenselle límites á presenza do galego no ensino, aínda cando a Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística establecen todo o contrario, e cando todos os datos sociolingüísticos indican que o galego está na peor situación da súa historia. E para pórle límites ao galego estableceuse un aparente diálogo entre a Consellería de Educación e todos os movementos implicados no tema. O resultado foi un decreto imposto a toda a comunidade educativa que foi rexeitado pola Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Consello Consultivo de Galicia, o Consello Escolar de Galicia, por todos os sindicatos e movementos pedagóxicos, por asociacións de ensinantes das diferentes materias e polos ENDL.

Canto á CGENDL, a nosa postura foi sempre firme, seria e rigorosa: dialogamos, fixemos propostas asumibles e, perante esta imposición unilateral, rexeitamos o decreto lingüístico máis nocivo contra a nosa lingua dos últimos 30 anos. É pernicioso especialmente na etapa de infantil, onde deixa desprotexidos e castelaniza os/as nenos/as galegofalantes e converte en analfabetos en galego os castelanfalantes.

Con estas medidas a Secretaría Xeral de Política Lingüística deixa de cumprir o obxectivo normalizador para o que foi creada; mentres que a decisión de resituala na Consellería de Educación, onde carece de calquera función transversal, vén contradicir o pregoado suposto impulso ao galego fóra do ámbito do ensino. Esta é unha mostra máis de que desde a SXPL se esqueceu o mínimo rigor sociolingüístico e profesional na aplicación das súas políticas. Para acabar de adornar a situación, vanse gastar mais de tres millóns de euros en tirar os libros de texto que xa hai por outros en castelán, obviando completamente a crise que padecemos.

Por todo o anterior, a CGENDL mantén o seu máis firme propósito de continuar, como fixo ao longo de todo este tempo, pulando pola normalización da nosa lingua nos centros de ensino e na sociedade. Dixemos na nosa Asemblea Xeral de novembro de 2009 que non teriamos nin preguiza nin desánimo para traballar na promoción da nosa lingua, e nesa tarefa continuaremos a pesar de todos os atrancos.